



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a las actuaciones urgentes para la rehabilitación del firme de la A-8 tanto en la Mariña como en la Terra Chá.**

La autovía A-8 a su paso por Galicia, inaugurada hace once años, ha presentado desde el principio problemas de seguridad vial, especialmente en la Marina ante la falta de visibilidad en el Alto do Fiouco, una zona en la que suelen concentrarse grandes bancos de niebla, que conlleva en muchas ocasiones el cierre del tramo y el desvío del tráfico por una limitada N-634 que también necesita mejoras. Después de tantos años, el Ministerio continúa estudiando opciones técnicas avanzadas para abordar el problema, pero los retrasos siguen acumulándose.

Entretanto, el Ministerio optó por una medida de seguridad provisional consistente en la instalación de las llamadas «balizas inteligentes» con luces LED en los laterales de la calzada, con lo que se han reducido los cierres de la A-8 pero no se ha solucionado el problema estructural.

Junto a esta problemática, destaca la derivada de la falta de mantenimiento del firme de la carretera. Así, en algunos tramos de la A8 a su paso por las comarcas de A Mariña y de Terra Chá, el firme presenta un deterioro importante que compromete el tráfico y requiere medidas que van más allá de simples parches o actuaciones puntuales.

De esta forma, a modo de ejemplo, en el municipio de Ribadeo, en el tramo situado entre los kilómetros 511 y 516 en dirección a Asturias, aunque se han realizado algunas actuaciones superficiales, los baches y grietas están volviendo a salir. Además, en muchos lugares, el Ministerio se ha limitado a colocar señales de peligro por el mal estado del firme o a reducir la velocidad a 100 kilómetros por hora, pero sin emprender ninguna acción de mejora.

Asimismo, el trayecto entre Ribadeo y Barreiros requiere actuaciones de mayor calado que aporten soluciones duraderas en el tiempo, que eviten tener que actuar cada cierto tiempo cuando reaparecen los baches.



En la zona antes mencionada de Alto do Fiouco, la carretera también da muestras de falta de mantenimiento. Igual sucede en el municipio de Abadín entre el acceso a A Xesta y la capital del concello y entre el acceso al centro de Abadín y el de Castromaior- Martiñán.

En la comarca de Terra Chá, el asfalto se encuentra deteriorado cerca del cruce de Alba (Vilalba) y de Pígara (Guitiriz). Lo mismo ocurre al incorporarse a la autovía en Baamonde, en particular cerca del acceso a Pígara. Otro punto con muchas deficiencias se sitúa entre las salidas de Goiriz (Vilalba) y Castromaior-Martiñán.

Recientemente, la Demarcación de Carreteras ha realizado actuaciones de mejora en el tramo situado en el desvío a la playa de las Catedrales donde existía un profundo socavón que constituía un peligro para la circulación. No obstante, las obras del Ministerio, como las realizadas el pasado verano, son muy limitadas y no sirven para solucionar el problema. Son necesarias actuaciones más amplias o un plan integral para rehabilitar los tramos gallegos de la A8.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuándo aprobarán la solución técnica innovadora prevista para el tramo de la A-8 correspondiente al Alto do Fiouco para paliar los problemas de falta de visibilidad y seguridad vial provocados por la niebla habitual en esa zona?
2. ¿Ha analizado el Ministerio los problemas de deterioro del firme de la A-8, tanto en los tramos de A Mariña como en los de la comarca de Terra Chá?
3. ¿Está de acuerdo el Ministerio en que las acciones específicas adoptadas hasta ahora no solucionan el problema ya que las grietas y baches están reapareciendo en lugares que ya habían sido arreglados?
4. ¿Abordará el Ministerio de Transportes un plan integral de mejora y rehabilitación del firme de la A-8 en Mariña y Terra Chá, cuyos tramos se encuentran especialmente deteriorados? De ser así ¿qué calendario manejan? ¿Están de acuerdo en que se necesitan



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



soluciones duraderas y no parches u obras superficiales?

Madrid, a 12 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

12 MAY. 2025 13:56:33

Entrada **67884**

Sobre as actuacións urxentes para a rehabilitación do firme da
A-8 na Mariña e na Terra Chá

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas sobre as actuacións urxentes para a rehabilitación do firme da A-8 na Mariña e na Terra Chá.**

A autovía A-8 ao seu paso por Galiza, inaugurada hai once anos, desde o inicio presentou problemas de seguranza viaria, especialmente na Mariña debido á falta de visibilidade no Alto do Fiuco, zona habitual de concentracións de néboas, e que segue a implicar o fechamento do tramo en moitas ocasións e o desvío do tráfico por unha limitada N-634 que tamén precisa de melloras. Após de anos, o Ministerio segue a estudar opcións técnicas avanzadas para atallar o problema mais continúan acumulando retrasos.

No en tanto, o Ministerio optou por unha medida provisional de seguranza coa instalación das denominadas “balizas intelixentes” con luces led nas marxes da vía que reduciron os cortes na A-8, mais non solucionan o problema estrutural.

Xunto a este problema, destaca o derivado da falta de mantemento no firme da estrada, así, nalgúns tramos da A8 ao se paso polas comarcas da Mariña e da Terra Chá a capa de rodadura presenta un importante deterioro que compromete a circulación e que require de medidas que vaian máis alá de simples parches ou actuacións puntuais.

Así, por exemplo, no municipio de Ribadeo, no tramo situado entre os quilómetros 511 e 516 en dirección a Asturias, aínda que se ten realizado algunhas actuacións superficiais as fochancas e as fendas volven saír. É máis, en moitos lugares, o Ministerio limitouse a colocar sinais de perigo polo mal

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

12 MAY. 2025 13:56:33

Entrada **67884**



estado do firme ou reducir a velocidade a 100 quilómetros por hora, pero sen acometer ningunha actuación de mellora.

Así mesmo, o traxecto situado entre Ribadeo e Barreiros necesita actuacións de maior calado que aporten solucións duradeiras no tempo e que eviten ter que emprender accións cada pouco cando volven aparecer as fochancas.

Na zona antes mencionada do Alto do Fiuco tamén o firme presenta falta de mantemento. Igual sucede no municipio de Abadín entre o acceso á Xesta e a capital do concello e entre o acceso ao centro de Abadín e o de Castromaior-Martiñán.

Na comarca da Terra Chá, o asfalto está deteriorado preto do enlace de Alba (Vilalba) e de Pígara (Guitiriz). Sucede o mesmo na incorporación á autovía en Baamonde, especialmente preto do acceso de Pígara. Outro punto con moitas deficiencias está localizado entre as saídas de Goiriz (Vilalba) e de Castromaior-Martiñán.

Recentemente, a Demarcación de Estradas ten levado a cabo actuacións de mellora no tramo situado no desvío á praia das Catedrais onde había un buraco profundo que constituía un perigo para a conducción. Porén, as obras do Ministerio, como as realizadas no pasado verán, son moi limitadas e non serven para solucionar o problema. Necesítanse actuacións de maior calado ou un plan integral para rehabilitar os tramos galegos da A8.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cando vai aprobar a solución técnica innovadora prevista para o tramo da A-8 correspondente ao Alto do Fiuco para paliar a falta de visibilidade e os problemas de seguranza viaria orixinados polas néboas habituais nesa zona?
2. Ten o Ministerio analizado os problemas de deterioro do firme da A-8, tanto nos tramos da Mariña como nos tramos da comarca da Terra Chá?



3. Comparte o Ministerio que as actuacións puntuais realizadas até o de agora non resolven o problema posto que as fendas e fochancas volven aparecer nos lugares xa reparados?
4. Acometerá o Ministerio de Transportes un Plan integral de mellora e rehabilitación do firme da A-8 na Mariña e a Terra Chá cuxos tramos están especialmente deteriorados? De ser así, cal é o calendario que manexa? Comparte que se precisan solucións duradeiras e non parches ou obras superficiais?

Madrid, a 12 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso